



ANUNCIO

Asunto: APROBACIÓN DE BASES REGULADORAS DO III CERTAME PARTICIPATIVO DE ENTROIDOS. LaxEntroido 2024.

Exptes. Admvos.: 2024/D004/000001 e 2024/X999/000009

Expte. Decreto: 2024/G003/000056

Por Resolución da alcaldía de data do 26/01/2024, aprobáronse as BASES REGULADORAS DO “III CERTAME PARTICIPATIVO DE ENTROIDOS. LaxEntroido 2024., que se publican para o seu xeral coñecemento.

“BASES REGULADORAS DO III CERTAME PARTICIPATIVO DE ENTROIDOS. LaxEntroido 2024.

INTRODUCCIÓN

Coa finalidade de seguir contribuíndo á dinamización, promoción e diversificación do entroido no noso Concello, propoñemos a celebración desta terceira edición do certame, no que poderá participar toda a poboación, sexa esta menor ou maior de idade.

Nesta edición, o principal cambio vén dado polas dificultades atopadas pola organización nas súas edicións anteriores, ó tentar constituír un “xurado popular” de persoas seleccionadas aleatoriamente de entre o público asistente para realizar as votación dos entroidos, nas súas modalidades individual, grupal e de comparsa. Este ano, a valoración será realizada por tres persoas pertencentes ó grupo musical contratado para dinamizar a festa, tratando con elo que sexan alleas ó Concello de Laxe, coa principal finalidade de garantir a máxima imparcialidade e obxectividade durante a emisión das votacións.

1. OBXECTO.

De conformidade co previsto na Lei 38/2003 de subvencións, constitúe o obxecto das presentes bases, a regulación do **III Certame de Entroidos do Concello de Laxe** e a entrega de premios deste, que este ano celebrárase o **sábado 10 de febreiro do 2024, no Pavillón polideportivo municipal, a partir das 18.30 horas.**

2. PARTICIPANTES.

Poderán ser beneficiarios dos premios previstos nas presentes bases, **todas as persoas físicas, así como as agrupacións de persoas informais e as entidades xurídicas xa constituídas ou que se constituán, coa finalidade de participar activamente na celebración do entroido de Laxe o vindeiro sábado 10 de febreiro do 2024,** sempre e cando formalicen a súa inscrición segundo os requisitos de tempo e forma que se citarán no apartado 3º destas bases.

Tal e como dispón a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, serán requisitos tamén:

- Non estar incurso en ningún dos casos previstos no artigo 13.2 da Lei xeral de subvencións.
- Non ter co Concello débedas ou sancións tributarias en período executivo, salvo que se trate de débedas ou sancións tributarias que se atopan aprazadas, fraccionadas o cuxa execución estivese suspendida.
- Non ter pendente de xustificar subvención concedida polo Concello.

Aquelas persoas menores de idade ou que non teñan plena capacidade de obrar que desexen participar deberán facelo sempre coa preceptiva autorización do titular da patria potestade ou tutela, segundo modelo de solicitude de participación anexo a estas bases.

3. PUBLICIDADE, MODALIDADES DE PARTICIPACIÓN E PRAZOS DE INSCRICIÓN.

3.1. PUBLICIDADE. Unha vez aprobadas as presentes bases e a súa convocatoria por Resolución da alcaldía, serán obxecto de publicación íntegra no «Boletín Oficial» da provincia da Coruña (BOP). Así mesmo, publicarase extracto das mesmas no BOP a través do conduto habilitado na Base Nacional de Datos de Subvencións.

As bases publicaranse tamén no Taboleiro de anuncios electrónico dixital do Concello, na páxina web municipal e nas canles de redes sociais e WhatsApp municipal, estando dispoñibles no Taboleiro de anuncios da Casa do Concello durante o período de inscrición para a súa consulta.



3.2. AS MODALIDADES DE PARTICIPACIÓN NO CERTAME son as seguintes:

a) **CATEGORÍA INDIVIDUAL: INFANTIL OU ADULTA**

b) **CATEGORÍA GRUPAL:**

- Os grupos estarán formados por un mínimo de 2 e un máximo de 4 persoas.

c) **CATEGORÍA COMPARSA** (grupos de 5 ou máis persoas).

3.3. OS PRAZOS DE INSCRIPCIÓN ABRANGUEN dende o día seguinte da publicación destas Bases no Boletín Oficial da Provincia **ata as 12.00 h do día 09/02/2024**. De maneira excepcional, o Concello de Laxe habilitará un **breve período de inscrición** o mesmo día da celebración do certame, en horario **de 16.00 a 17.00 horas no andar baixo da Casa do Concello**.

3.4. MODALIDADES PARA TRAMITAR A INSCRIPCIÓN:

a) **PRESENCIAL.** Entregando a correspondente **folia de inscrición** do certame de xeito presencial no Rexistro Xeral da Casa do Concello, que poderá tanto descargarse da páxina web do Concello de Laxe ou solicitala nas Oficinas Xerais da Casa do Concello, tal e como consta no **ANEXO 1** destas bases, xunto cun orixinal ou copia do seu DNI.

b) **TELEMÁTICA.**

b.1. Mediante a realización dun **trámite de solicitude xeral** a través da Sede Electrónica Municipal e **achegando como anexo a folia de inscrición do certame deste ano 2024**.

b.2. **Presentando a documentación para ser remitida ó Concello de Laxe, en calquera oficina de Rexistro municipal**, sen prexuízo do establecido no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

c) **POR CORREO POSTAL.** Sempre e cando a inscrición se faga de maneira certificada e **se adiante copia da solicitude de inscrición debidamente selada, na oficina de correos que corresponda, ó enderezo electrónico cultura@concellodelaxe.com, dentro do prazo de inscrición establecido**.

4. REQUISITOS DOS ENTROIDOS PARA PARTICIPAR NO CERTAME.

A persoa e/ou grupo de persoas que se inscriba/n, deberá/n comprometerse como mínimo a:

4.1. PARTICIPAR NO DESFILE DE COMPARSAS que se realizará o sábado 10 de febreiro a partir das 17.30 horas dende a Casa do Concello e que rematará aproximadamente ás 18.30 h. no Pavillón polideportivo municipal. A orde no desfile poderá ser determinada polo Concello de Laxe e comunicaráselle ás persoas que realicen a inscrición antes do comezo do desfile.

A organización resérvase o dereito de suspensión ou modificación da data e hora de celebración cando as circunstancias así o aconsellen.

4.2. IDENTIFICARSE ANTES DO COMEZO DO CERTAME E SUBIR Ó ESCENARIO que habilite o Concello de Laxe no momento en que se lle/s convoque, **REALIZANDO UNHA BREVE REPRESENTACIÓN/ESPECTÁCULO** que poderá ser con ou sen música, de carácter teatral, circense, etc.. e que, en todo caso, **non superará os 5 minutos**.

OS ENTROIDOS, GRUPOS OU COMPARSAS QUE PRECISEN **MÚSICA GRAVADA** PARA O ESPECTÁCULO, DEBERÁN ENTREGALA NO DPTO. DE CULTURA EN FORMATO MP3 **ANTES DAS 12.00 H. DO VENRES 9 DE FEBREIRO DO 2023**, podendo remitila tamén, dentro deste prazo, ó enderezo electrónico cultura@concellodelaxe.com (non se recollerá música fóra do prazo de inscrición nin tampouco o propio día do concurso). **No seu defecto, todos os participantes desfilarán coa música que dispoña a organización.**

4.3. PERMANECER Ó REDOR DO ESPAZO ESCÉNICO E/OU ESCENARIO ATA O REMATE DO CERTAME E ENTREGA DE DIPLOMAS E VALES.

A orde de participación durante a celebración do certame será determinada pola organización municipal en función das inscricións realizadas.

As carrozas serán situadas nas inmediacións do lugar de celebración do certame, no lugar que no mesmo día se indique polo persoal da organización.



Evitarase a utilización de calquera tipo de elemento pirotécnico ou calquera outro que poida implicar risco para a vida e seguridade das persoas.

Evitarase o uso de disfraces ou a realización de actuacións que poidan resultar ou ter carácter ofensivo para outras persoas. En ningún caso, a organización se fará responsable dos contidos das letras, parodias ou disfraces das persoas e grupos participantes.

No caso de que durante a construción, organización e/ou posterior desenvolvemento do desfile e certame se causen danos a terceiros, a responsabilidade que se derive, será asumida solidaria e integramente polos inscritos como participantes no concurso que formen parte de dito grupo, comparsa ou carroza.

5. DO XURADO E DAS VOTACIÓNS.

O xurado estará composto por 3 persoas seleccionadas pola “Charanga ACDC” de entre os seus membros, e que, sempre que sexa posible, serán alleas ó Concello de Laxe para tratar de garantir a máxima obxectividade e imparcialidade durante o proceso das votacións.

Tra-lo desfile e a actuación dos entroidos, grupos de cada unha das tres categorías, as persoas sentadas na “zona do XURADO do LaxEntroido”, **emitirán o seu voto de forma individual** en folia de votación facilitada pola organización do Certame, ás persoas que individualmente, en pequeno grupo ou comparsa, presenten **as vestimentas máis lucidas e vistosas** deste entroido e que realizasen as mellores actuacións desta edición.

Será tido en conta tamén o **esfuerzo na preparación dos disfraces**, así como a **calidade das súas actuacións** realizadas sobre o escenario.

As puntuacións a outorgar oscilarán entre o 1 e os 10 puntos, entendendo que a menor puntuación, peor é a calidade, vistosidade, esforzo de elaboración e calidade da actuación.

Persoal designado polo Concello de Laxe será quen se encargue de facer o recuento dos votos emitidos polo xurado do Certame.

O resultado do mesmo, darase a coñecer no mesmo día en que se celebre este, unha vez conclúa o proceso de recuento das votacións.

Durante a semana seguinte á proclamación dos premiados, **emitirase acta de recuento das votacións emitidas durante o Certame emitida pola Concelleira de comercio, hostalaría, turismo e cultura**, que será remitida á alcaldía para que por Resolución, se **aprobe a relación definitiva de persoas e agrupacións de persoas premiadas na edición do Certame participativo de entroido deste ano**.

OS RESULTADOS DO CERTAME compartiranse tanto no **taboleiro de anuncios da Casa do Concello**, así como na **páxina web e canles de comunicación municipais habituais** do Concello de Laxe, en formato de cadro-resumo das votacións, identificando ós entroidos e comparsas gañadoras co nome artístico co que se inscribiron para participar neste Certame.

5. DO PREMIO.

A concesión dos premios, farase pública o mesmo día do desfile, unha vez concluído o proceso de recuento de votacións emitidas polas tres persoas do xurado.

Os premios outorgaranse a instancia do solicitante con cargo á partida orzamentaria 2024.334.480.00 do orzamento municipal do exercicio 2024, prorrogado do exercicio do 2022, mediante procedemento de concorrencia competitiva.

De forma inicial, o premio consistirá na **ENTREGA DUN DIPLOMA E DUN VALE que DARÁ DEREITO Á REALIZACIÓN DE COMPRAS NUN OU EN VARIOS COMERCIOS e/ou LOCAIS DA HOSTALARÍA DO CONCELLO LAXE PARA A/S PERSOA/S GAÑADORA/S POR UN IMPORTE MÁXIMO EQUIVALENTE Ó PREMIO OBTIDO** segundo a categoría na que resulte gañadora cada persoa e grupo de persoas, e que deberá de ser recollido de maneira presencial o mesmo día de celebración do certame.

Os premios a outorgar en función da categoría da inscrición, son os seguintes:

a) CATEGORÍA INDIVIDUAL:

a.1. INFANTIL: 50,00€

a.2. ADULTA: 50,00€



b) CATEGORÍA GRUPAL: 100,00€

c) CATEGORÍA DE COMPARSA: 250,00€

O Concello de Laxe poderá outorgar un **PREMIO ESPECIAL “O MELLOR CABEZUDO DO LAXENTROIDO 2024”** a calquera persoa que participe na celebración do evento de festa de entroidos e comparsas, non sendo necesaria a inscrición previa neste caso.

O premio a outorgar será de 50,00€.

A PERSOA PREMIADA DEBERÁ ABOAR EN PRIMEIRA INSTANCIA, O CUSTO TOTAL DA/S COMPRA/S REALIZADAS polo importe equivalente ó premio outorgado polo Concello de Laxe, salvo que esta acorde cos locais comerciais ou hostaleiros o pagamento posterior, unha vez que o importe do premio sexa ingresado mediante transferencia bancaria na conta da/s persoa/s gañadoras por parte do Concello de Laxe:

- *En todo caso, o importe a aboar polo Concello de Laxe, ascenderá como máximo ó importe outorgado pola Resolución de alcaldía coa que se conclúa o procedemento de outorgamento de premios.*
- *No caso de que a persoa gañadora presente unha factura por importe menor ó do importe do premio outorgado, o Concello de Laxe procederá á minorización do pagamento ata o importe da factura presentada.*
- *No caso de que a persoa premiada presente unha factura por maior importe debido á mellora das condicións do premio outorgado, en todo caso, e salvo causas de forza maior, o Concello de Laxe procederá a ingresar o importe do premio outorgado na Resolución de conclusión do procedemento das votacións.*

Para facer efectivo o PAGAMENTO DO PREMIO, a persoa ou persoas gañadoras, deberán presentar no Concello de Laxe a seguinte documentación:

- **INSTANCIA DE SOLICITUDE DE PREMIO** que deberá de solicitarse nas oficinas xerais ou descargar da páxina web do concello de laxe, sinalando o número de conta bancaria no que o Concello de Laxe lle reembolsará o importe de dita/s factura/s e que, en ningún caso, superará o importe máximo outorgado do premio, segundo o modelo facilitado no **ANEXO II**.
- **ORIXINAL OU COPIA COTEXADA DO SEU DNI.**
- **ORIXINAL DA/S FACTURA/S QUE LLE SERÁN EXPEDIDAS NOS COMERCIOS E/OU LOCAIS DA HOSTALARÍA DO CONCELLO DE LAXE** en que decida inverter o importe do premio outorgado.
- **CERTIFICADO DE TITULARIDADE DA CONTA BANCARIA NA QUE SE REALIZARÁ O INGRESO.**

No caso de “O MELLOR CABEZUDO DO LAXENTROIDO”, deberá entregar a documentación anterior, xunto co DIPLOMA que o acredita como gañador/a deste premio especial.

No caso dos **MENORES DE IDADE OU PERSOAS CON DISCAPACIDADE**, será a nai/pai ou titor/a quen tramitará a solicitude, debendo presentar documento que acredite dita representación.

No suposto de ser unha **ASOCIACIÓN OU ENTIDADE CON PERSONALIDADE XURÍDICA**, a persoa solicitante deberá acreditar o poder ou nomeamento para actuar en nome e representación da entidade.

No suposto de **PREMIOS COMPARTIDOS POR UNHA PLURALIDADE DE PERSOAS**, o pago poderá ser repartido a partes iguais entre un **máximo de 5 persoas** que formasen parte do grupo ou comparsa premiada, sempre que a persoa que realizou a inscrición do grupo ou comparsa, achegue unha relación nominal das persoas integrantes, a presentar segundo o ANEXO 3 das presentes bases, e que todas estas persoas cumprisen co disposto nestas bases e que achegasen a documentación requirida para a solicitude do premio, DNI e certificado de titularidade da conta bancaria.

No caso de non achegar esta documentación, o importe total do premio imputaráselle na súa totalidade ao representante ou representantes a partes iguais.



A presentación da citada documentación, poderá facerse tanto de xeito presencial como de xeito telemático, a través da sede electrónica municipal, sendo en todo caso O PRAZO MÁXIMO DE SOLICITUDE DO PREMIO o día 31.03.2024.

No caso de non tramitarse a solicitude en tempo e forma, salvo casos de forza maior, o Concello de Laxe entenderá que a persoa ou grupo de persoas que resultaron premiadas no certame desisten do mesmo.

Os premios concedidos aos beneficiarios, serán publicados na plataforma da Base de Datos Nacional de Subvencións e comunicados á Axencia Estatal Tributaria, tal e como requira a lexislación vixente que resulte de aplicación.

6.- DATOS PERSOAIS E DEREITOS DE IMAXE.

Os datos persoais recollidos na inscrición, serán empregados, unicamente, coa finalidade de xestionar e executar este certame.

O/s nome/s e apelidos da/s persoa/s gañadora/s, así como as fotografías tomadas das persoas no momento da recollida e entrega dos diplomas e premios do certame, faranse públicos para o seu xeral coñecemento tanto ós medios de comunicación locais como a través dos medios de comunicación e redes sociais dependentes do Concello de Laxe, previa autorización da persoa/s gañadora/s outorgada a través da mesma folia de inscrición. De acordo co Regulamento da Unión Europea 2016/679, do 27 de abril de 2016, relativo á protección de datos das persoas físicas e á libre circulación deses datos, así como coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos persoais facilitados para a participación no concurso, serán incorporados en ficheiros dos que é responsable o Concello de Laxe. Estes datos serán tratados de xeito totalmente confidencial e serán usados exclusivamente para os fins expresados.

Se desexa exercer os seus **dereitos de acceso, rectificación, oposición ou cancelación** dos seus datos persoais que figuran nos nosos rexistros, por favor, solicíteo escribindo un correo electrónico a cultura@concellodelaxe.com ou enviando unha carta ó noso enderezo postal indicado na cabeceira do documento.

A organización realizará reportaxes fotográficas dos diferentes momentos do desfile e certame que serán publicadas e compartidas nas redes sociais e canles de comunicación habituais.

7.- ACEPTACIÓN DAS BASES.

A inscrición e participación neste certame, implica a total aceptación destas bases.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

No non previsto nestas bases será de aplicación a Lei 38/2003 de subvencións, a Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das administracións públicas, regulamento xeral de subvencións a Lei reguladora das bases do réxime Local e a Lei de facendas locais.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA

A Corporación municipal, coa finalidade de mellorar a organización e desenvolvemento deste día de entroido e certame, poderá realizar algunha modificacións sobre as presentes bases, se ben estes cambios, faranse públicos antes do inicio do desfile das comparsas e entroidos ou durante a celebración da festa de comparas, se fose o caso.

Mándao e asínao, en Laxe, na data da sinatura incluída ao marxe, o 1º tenente de alcalde, don Francisco Charlín Oróns, en substitución legal, en virtude do artigo 47 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e o artigo 23.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, de don José Luis Pérez Añón, alcalde do Concello de Laxe.



ANEXO 1:

III CERTAME PARTICIPATIVO DE ENTROIDOS. LaxEntroido 2024.

FOLLA DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

DATOS DA PERSOA QUE REALIZA A INSCRICIÓN			
Nome			
Apelidos			
DNI			
Enderezo			
Localidade			
Teléfono/s		Email	
CATEGORÍA na que se inscribe	<input type="checkbox"/> INDIVIDUAL INFANTIL	<input type="checkbox"/> INDIVIDUAL ADULTO	
	<input type="checkbox"/> GRUPO	<input type="checkbox"/> COMPARSA	
Nome artístico		Número de compoñentes	
Nome a apelidos da/s persoas que participan no certame			
DNI			
Datos da actuación	<input type="checkbox"/> MÚSICA	<input type="checkbox"/> MONÓLOGO	<input type="checkbox"/> REPRESENTACIÓN
	<input type="checkbox"/> OUTROS: _____		
Título da canción			
Breve descrición e/ou composición			
Outros detalles a salientar			

En Laxe, de febreiro do 2024.

Sinatura da persoa que realiza a inscrición	
Sinatura da nai/pai ou titor/a (só no caso de menores de idade)	
Nome e apelidos da nai/pai ou titor/a (só no caso de menores de idade)	
DNI da nai/pai ou titor/a (só no caso de menores de idade)	



ANEXO 2.

III CERTAME PARTICIPATIVO DE ENTROIDOS: "LaxEntroido 2024"

INSTANCIA DE SOLICITUDE DE PREMIO

DATOS DA PERSOA GAÑADORA DO PREMIO e/ou REPRESENTANTE:					
Nome:					
Apelidos:					
DNI:					
Número de teléfono:			Email:		
Enderezo a efectos de notificacións postais:	CP:		Concello:		Provincia:

EXPOÑO:

- Que resultei premiada/o na 3ª edición do Certame participativo de entroidos deste 2024 na categoría _____.
- Que eu e/ou a entidade que represento me atopo ó corrente das obrigas tributarias coa AEAT, co Concello e coa Seguridade Social, na miña calidade de premiado/representante legal/representante do grupo de veciños e titular da conta bancaria asociada ao premio, e que non estou ou está afectada por ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas.
- Que despois de ter disfrutado do premio outorgado polo Concello, achego FACTURAS emitida polos comercios/locais de hostalaría do Concello de Laxe nos que realicei as compras por un importe de _____ €, así como DNI e certificado de titularidade da conta bancaria outorgado polo Concello de Laxe e que me acredita como persoa gañadora de dito certame, tal e como se recollía nas bases da convocatoria.

SOLICITO:

Que o Concello de Laxe proceda a realizar o pago polo importe total do premio outorgado no NÚMERO IBAN DA CONTA BANCARIA que indico a continuación: _____

CLÁUSULA DE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Conforme ó establecido na Lei Orgánica de protección de datos de carácter persoal e en cumprimento da normativa de protección de datos, en particular do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, informámoslle de que os datos persoais proporcionados, son confidenciais e forman parte dos ficheiros titularidade do CONCELLO DE LAXE, coa finalidade de xestionar a iniciativa do CERTAME PARTICIPATIVO DE ENTROIDOS e/ou outras campañas e/ou iniciativas que o concello considera que podan resultar do seu interese.

En calquera caso, poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, portabilidade, limitación do tratamento e oposición previstos na la normativa mediante escrito dirixido ó CONCELLO DE LAXE, situado na Av. Cesáreo Pondal núm.26, 15117- Laxe (A Coruña).

- Consinto no tratamento dos meus propios datos persoais contemplados no presente documento coas finalidades sinaladas neste.
 - SI DOU O MEU CONSENTIMENTO
 - NON DOU O MEU CONSENTIMENTO

DOCUMENTACIÓN QUE ADXUNTA:

- DNI do/s representante/s que cobrarán o premio que lle/s foi outorgado ou CIF da Asociación.
- Certificación bancaria da titularidade da conta do participante e entidade, asociación que cobrará o premio.
- Facturas emitidas por comercios e/ou locais da hostalaría do Concello de Laxe.

En Laxe, a _____ de _____ do 2024

Asdo.: _____



ANEXO 3.

III CERTAME PARTICIPATIVO DE ENTROIDOS: "LaxEntroido 2024"

INSTANCIA PARA A DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTES NA SOLICITUDE DE PREMIOS COLECTIVOS

DATOS DA PERSOA GAÑADORA DO PREMIO e/ou REPRESENTANTE:					
Nome:					
Apelidos:					
DNI:					
Número de teléfono:			Email:		
Enderezo a efectos de notificacións postais:					
	CP:		Concello:		Provincia:

EXPOÑO:

- Que a agrupación que represento, denominada co nome artístico: _____, resultou premiada na 3ª edición do Certame participativo de entroidos deste 2024 na categoría _____.

- Que dentro da agrupación, designamos de común acordo, como representantes e receptores do premio, que será repartido de maneira equitativa, a:

1. _____, con DNI _____
2. _____, con DNI _____
3. _____, con DNI _____
4. _____, con DNI _____
5. _____, con DNI _____

SOLICITO:

Que o Concello de Laxe teña en conta esta designación á hora de proceder ó pagamento do mencionado premio.

En Laxe, a _____ de _____ do 2024

Asdo.: _____